

## **ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

### **ARTIGO 1º.- CONCEPTO.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réximen local e artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, este Concello establece a “Taxa polo subministro domiciliario de auga potable” que se rexirá pola presente ordenanza fiscal.

### **ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito impoñible da taxa regulada nesta ordenanza a prestación do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable, explotándose por conta e en beneficio deste Concello.

### **ARTIGO 3º.- SUJETOS PASIVOS.**

3.1. Son suxectos pasivos da presente taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como, as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que resulten beneficiados polos servizos ou actividades prestadas ou realizados por este Concello, ós que se refire o artigo anterior.

3.2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles, quen prodrá repercutir, no seu caso, as cuotas sobre os respectivos beneficiarios.

### **ARTIGO 4º.- CUOTA TRIBUTARIA**

A) A contía da taxa regulada nesta ordenanza será fixada en función das seguintes tarifas por consumo de auga:

- Cuota fixa: 6,50 euros por semestre.
- De máis de 0 m<sup>3</sup> a 120 m<sup>3</sup>, por semestre: 0,21 euros/m<sup>3</sup>.
- De máis de 120 m<sup>3</sup> a 180 m<sup>3</sup>, por semestre: 0,25 euros/m<sup>3</sup>.
- De máis de 180 m<sup>3</sup> a 240 m<sup>3</sup>, por semestre: 0,44 euros/m<sup>3</sup>.
- De máis de 240 m<sup>3</sup>, por semestre: 1,50 euros/m<sup>3</sup>.

Nestes prezos non se inclúe o I.V.E.

B) Estas tarifas aplicaranse durante todo o ano.

C) A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de enganche ou conexión coa rede xeral por cada domicilio, esixírase unha soa vez e consistirá na cantidade de 130,00 euros sempre que a distancia desde a conexión coa rede xeral ata o límite exterior da propiedade do solicitante non supere os catro metros lineais. Noutro caso engadirase á cota anterior 3,00 euros por cada metro a maiores.

### **ARTIGO 5º.- EXENCIONS E BONIFICACIONES**

Non se concederá exención nin bonificación algunha da taxa regulada na presente ordenanza.

### **ARTIGO 6º.- PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO.**

1. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza, nace desde que se inicie a prestación do servizo e a súa facturación e cobro realizarase

con periodicidade semestral.

2. Para a súa cobranza polo Concello formarase un Padrón no que figurarán os contribuíntes do mesmo.

3. O pago de dito taxa efectuarase no momento de presentación ó obrigado a realizalo do correspondiente documento cobratorio.

4. As débedas por esta taxa podrán esixirse polo procedemento administrativo de construximento, de acordo co Regulamento Xeral de Recadación.

### **ARTIGO 6º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS**

1. En todo o relativo á calificación de infracción s tributarias, así como, ás sanción s que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

2. As infracción s a esta ordenanza que non constitúan defraudación serán resoltas pola Alcaldía na forma e contía previstas nas disposición s legais vixentes.

### **ARTIGO 7º.- CONEXIÓN COA REDE XERAL E CONTADOR INDIVIDUAL**

1. Toda autorización para disfrutar do servizo de subministración de auga levará aparellada a obriga de instalar contador, debendo ser individual para cada vivenda, e deberá colocarse en sitio visible e de doado acceso para que permita a clara lectura do consumo do mesmo.

2. A conexión coa rede xeral será realizada polo Concello quen tamén colocará o contador debidamente homologado.

3. Unha vez realizada a instalación e colocado o contador, as posibles reparación s por avarías, a partir do contador cara a propiedade do titular, deberá realizalas o usuario comunicándoas previamente ó Concello.

4. No suposto de avería do contador, cando este deba ser substituído por outro, será o Concello o encargado da substitución debendo o usuario abonar unha taxa de 36,00 € por tal concepto

### **ARTIGO 8º.- USOS PERMITIDOS**

A subministración de auga a domicilio confírelle ó usuario do servizo a facultade de consumir auga para usos domésticos e industriais, entendéndose por usos domésticos tódalas aplicación s para atender ás necesidades da vida e hixiene persoal, como a bebida, preparación de alimentos, limpeza persoal e doméstica e lavado de roupa.

Enténdese por uso industrial a subministración de auga a calquera local que non teña a consideración de vivenda, incluíndose neste concepto aquelas actividades instaladas ou anexas á vivenda, como cortes, adegas, tendas, bares e semellantes.

### **ARTIGO 9º.- CUANTIFICACION**

A utilización da subministración de auga farase tomando o abonado a que necesite, determinándose o volume consumido mediante un aparello contador.

### **ARTIGO 10º.- USOS PROHIBIDOS**

Queda prohibida a utilización de auga da rede xeral de abastecemento

para a rega de xardíns, predios ou lavado de automóbiles con manguera de presión. Non obstante, durante as épocas de abundancia de auga a Alcaldía poderá autorizar tales usos mediante bandos xerais, sempre que quede garantido o abastecemento domiciliario ou industrial.

### **ARTIGO 11º.- CARÁCTER PRECARIO DA CANTIDADE DA SUBMINISTRACIÓN**

1. O Concello en ningún caso garante a cantidade da subministración, que sempre terá carácter de precario para os usuarios, así como tampouco responde nin se responsabiliza dos posibles danos, prexuícios ou estragos que puidese causar nos bens dos mesmos a falta ou insuficiencia de caudal de auga.

2. O Concello, por resolución da Alcaldía, poderá ordena-lo corte da subministración de auga a calquera usuario que empregue a auga para os usos prohibidos ós que se refire o artigo anterior e tamén por derivacións avarías do contador non reparadas no prazo estipulado e manipulación do mesmo.

3. A Alcaldía poderá ordena-lo corte de subministración por falta de pagamento por parte do usuario de tres recibos consecutivos. A rehabilitación farase despois do pagamento da débeda.

### **ARTIGO 12º.- INSPECCIÓN E VIXIANCIA**

1. O Concello, por medio dos seus empregados ou axentes, ten o dereito de inspección e vixilancia das conduccións, instalacións e aparellos, tanto nas vías públicas ou privadas como nos predios particulares. Ningún abonado poderá opoñerse á entrada nas súas propiedades para inspección do servizo, que deberá levar a cabo en horas de luz solar, agás casos graves ou urxentes, a xuízo da Alcaldía.

2. A facultade conferida no punto anterior enténdese limitada ás tomas de auga da rede xeral e á posible existencia de enxertos ou derivacións non controlados, como usos distintos dos autorizados, así como, das defraudacións en xeral.

3. No caso de opoñerse o usuario ó establecido nos puntos anteriores, procederase ó corte da subministración e para restablecela deberá autorizarse a inspección.

### **ARTIGO 13º.- SANCIÓN**

1. As sancións que impoña a Alcaldía polo incumprimento do establecido nesta Ordenanza consistirán no pagamento do duplo da taxa que corresponda, segundo lectura do contador.

2. No caso de que se defraudase por calquera tipo de manipulación a lectura do contador correspondente, ou se realizase calquera tipo de acción conducente a evita-la devandita lectura, este Concello fará unha estimación da cantidade consumida polo defraudador, equivalente a 45 m<sup>3</sup>/3, aplicandose-lle ó importe que corresponda a sanción que se establece no punto anterior.

3. Tanto nos casos establecidos nos dous puntos anteriores do presente artigo, como en tódolos actos que sexan sancionables pola Administración Municipal, esta sanción irá sempre acompañada do aboamento por parte do infractor dos gastos xerados pola supresión e rehabilitación do servizo.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación da ordenanza fiscal da taxa pola subministración de auga entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa e comenzzará a aplicarse a partir do un de xaneiro do dous mil doce.